

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15033101	CEIP Plurilingüe de Outes	Outes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

A presente PD (Programación Didáctica) está enmarcada no "Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Cada unha das 10 UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Ao mesmo tempo, coa finalización deste 6º nivel remata tamén o 3º e derradeiro ciclo de primaria e esta etapa, algo contemplado nesta PD. Así pois, búscase que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro. Ademais, o remate deste ciclo e etapa procuran neste centro e nesta materia que o alumnado teña mellorado significativamente na súa autonomía, especialmente no que ás súas producións artísticas se refire.

Por último, tendo en conta o difícil contexto COVID, e en coordinación co DO deste centro no seu Plan de Benestar Emocional esta PD pretende, ademais, facilitar o alumnado ferramentas para a súa resiliencia; e que mellor que facelo a través do dito: "quen canta os seus males espanta".

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Benvidos ao cole de Outes	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 5º primaria insistindo de novo na dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, seguir desenvolvendo a recepción activa e a vivencia de diferentes elementos da música e da danza a través da música dramática como fío condutor e con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	10	3	X		
2	Samaín	A practica vocal e instrumental serán o eixo principal	10	3	X		
3	Magosto	A experimentación con Audacity e Bandlab para a creación musical	10	3	X		
4	25N	Baile e canto para loitar contra a violencia de xénero a partir dunha canción propia do mestre	10	3	X		
5	O apalpador	Canto e interpretación musical de cancións que fan referencia a esta personaxe do Nadal galego	10	3	X		
6	A paz	Bailes do mundo para concienciar da necesidade de vivir en Paz	10	3		X	
7	Entroido	Canto, baile e práctica instrumental para poñer os nosos disfraces en escea ante o público	10	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Primavera	Audicións de diferentes épocas que acompañaremos con baile, voz e instrumentos	10	4		X	
9	Letras Galegas	Música popular galega para celebrar as Letras galegas, aproximandonos aos seus ritmos e instrumentos	10	4			X
10	Festival de curso	Un gran show espera ao alumnado nesta derradeira UD. Nela terán que poñer en práctica tódalas destrezas musicais adquiridas ao longo da Educación Primaria	10	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Benvidos ao cole de Outes	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica e representa: redonda, branca, negra (con puntiño e silencios), corchea e silencio, dobre corchea, 4 semicorcheas; barras divisoria, final e repetición; clave sol, comp. 2/4, 3/4 e 4/4.	TI	100
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Utiliza algún elemento da linguaxe musical para interpretar propostas instrumentais		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto e mostrando unha actitude positiva.	Mostra unha actitude positiva		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.</li> <li>- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.</li> <li>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Samaín	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica de xeito individual estratexias para a procura de información	TI	100
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa ideas, sentimentos e emocións		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Interioriza as normas de comportamento		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción á diferenciación auditiva entre subdivisión binaria e ternaria.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Magosto	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as emocións producidas pola manifestación artística	TI	100
CA2.4 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Traballa de forma cooperativa na consecución dun resultado final		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Aplica estratexias para a procura de información		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario específico de música.</li> <li>- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	25N	3

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Desenvolve criterios de valoración propios	TI	100
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de forma creativa		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións producidas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións. Clasificación e comprensión dos mecanismos de produción sonora en cada un. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	O apalpador	3

<b>Crterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas musicais	TI	100
CA2.6 - Compartir os proxectos creativos musicais empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte os proxectos creativos musicais		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas escénicas e performativas colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Deseña producións artísticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.</li> <li>- Uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	A paz	3

<b>Crterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
-------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas musicais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico destas.	Valora a diversidade que xeran as danzas presentadas	TI	100
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe manifestacións culturais escénicas e performativas		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Usa diferentes linguaxes para expresar ideas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Elementos fundamentais da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica.</li> <li>- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Entroido	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara os elementos característicos de distintas manifestacións	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Interioriza as normas de comportamento		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analiza as diferenzas e similitudes das manifestacións culturais		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso de producións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A melodía e a forma musical. Identificación de formas sinxelas: monotemáticas, binarias, ternarias, canción popular, rondó simple e canon.</li> <li>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Xéneros escénicos: aproximación a estes. Valoración da importancia da interpretación dramática no proceso artístico e do patrimonio vinculado ás artes escénicas e performativas.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Primavera	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Distingue propostas de diferentes xéneros	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica auditivamente elementos da música		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe manifestacións culturais e artísticas		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas utilizando o son		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Principais xéneros musicais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Profesións vinculadas ás artes escénicas performativas. Coñecemento e valoración.</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Letras Galegas	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Desenvolve criterios de valoración propios		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara os elementos característicos de distintas manifestacións culturais		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Ten unha actitude positiva		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración.</li> <li>- A textura. Aproximación á discriminación auditiva de monodia, melodía acompañada e textura fuxida.</li> <li>- Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo.</li> <li>- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	Festival de curso	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Representa elementos da linguaxe musical	TI	100
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Distingue propostas de diferentes estilos		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos escénicos e performativos, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte os proxectos creativos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A harmonía. Concepto de acorde, consonancia e disonancia. Diferenciación auditiva entre acorde maior e menor.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para música.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.</li> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións a tratar neste último nivel de primaria, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo, especialmente de cara ao cambio de etapa.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

- consciencia e colocación da postura corporal
- respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto e a fruta doce
- notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia
- fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz
- dixitación das notas traballadas na fruta

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Micrófono/s, pé/s de micro e cableado
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Frauta doce
Cartafol con aneis

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula, se ben é espazosa, para o aspecto da Danza precisa de desprazar un pouco as mesas, pois esta compártese coa materia de Ciencias Sociais en inglés. Nese senso, o encerado é dixital e táctil e permite escribir nel, mais está ubicado un pouco baixo de máis, o que, se ben permite que o alumnado de infantil acceda a el con facilidade, á hora de sentarse o alumnado, tanto de infantil coma de primaria, hai que colocalo especificamente para que todo este poida ver o encerado sen problema.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

O/s micrófono/s, pé/s de micro e cableado empregárase para a gravación de producións do alumnado e material de soporte do profesorado.

A sección desta materia na páxina web do centro e/ou Aula Virtual servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (fruta, cartafol con aneis para fichas e estoxo).

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

- unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/danzas/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI, PAD e coa frauta.
- unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral vira dada pola media de cada unha das unidades didacticas que se presenten en cada trimestre:

- 1º trim.: UD1, UD2, UD3, UD4, UD5
- 2º trim.: UD6, UD7, UD8
- 3º trim.: UD9, UD10

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 30%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do

alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

-Actividades programadas para todo o grupo.

-Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.

-Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

-Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.



Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X							
ET.2 - Expresión oral e escrita		X						
ET.3 - Comunicación audiovisual					X			
ET.4 - Competencia dixital			X					
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento							X	
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres				X				
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos						X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible								
ET.9 - Educación para a saúde								X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora		X
ET.2 - Expresión oral e escrita		
ET.3 - Comunicación audiovisual		X
ET.4 - Competencia dixital		X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento		
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres		

	UD 9	UD 10
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	
ET.9 - Educación para a saúde		

### Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico	Asistencia ao concerto didáctico no Auditorio de Galicia		X	
Festival de Fin de Curso	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado) no salón de actos e de cara ao final do 3º trimestre; aberto ao público con entrada solidaria para recadar fondos para a excursión de Fin de Curso de 6º EP.			X
Concerto didáctico do Conservatorio de Noia	No 3º trimestre colabórase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no xornal.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

Máis do 80% do alumnado superou a materia.
<b>Metodoloxía empregada</b>
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

#### **Descrición:**

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
  - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
  - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
  - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
  - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:  
Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.  
Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados